

ENTIDADE	LOCALIDADE	ACTIVIDADE	OBSERVACIÓNS
RR María Inmaculada	Vigo	Alfabetización	Non acada puntuación suficiente
Fundación Encontro	Vigo	Alfabetización	Non acada a puntuación mínima
Fundación Encontro	Vigo	Graduado en educación secundaria	Non acada puntuación suficiente
Fundación Encontro	Vigo	Nivel II	Non acada a puntuación mínima

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 23 de maio de 2007 pola que se fixan os prezos privados das doses seminais de gando bovino e de exemplares bovinos, aviarios, ovinos e porcinos producidos no Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia.

O artigo 50 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón que son prezos privados as contraprestacións que obteñan os suxeitos pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito privado cando, prestando tamén tales servizos ou actividades o sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados. Así mesmo, o artigo 51 da dita lei establece que os prezos privados serán fixados polas consellerías correspondentes, atendendo ás condicións e circunstancias do mercado en que operen, e publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

A Consellería do Medio Rural está a desenvolver distintos programas dirixidos á salvagarda dos recursos zootécnicos da gandería tradicional.

Como resultado deste programa de conservación xorden, a criterio facultativo dos servizos técnicos responsables, bens excedentes dirixidos á súa venda ao dispor de todos os gandeiros interesados. Esta orde fixa a contraprestación económica destes excedentes.

O aumento das actividades levadas a cabo polo Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia, coa presenza de novas razas e especies nas súas dependencias desde a publicación da Orde do 12 de marzo de 2003, fai precisa a publicación dunha nova norma que fixe os prezos privados dos bens excedentes dos programas de conservación.

En consecuencia, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda e de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e, no uso das facultades que me confiren os artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Os prezos privados exixibles polos servizos prestados polo Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia, referentes ás doses seminais de gando bovino e de exemplares bovinos, aviarios, ovinos e porcinos de

razas autóctonas en perigo de extinción, son os que figuran no anexo desta orde.

2. Os referidos prezos entenderanse co correspondente IVE.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 12 de marzo de 2003 pola que se fixan os prezos privados de doses seminais e de exemplares bovinos e aviarios producidos no Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor no día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2007.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO

Prezos privados de doses seminais e exemplares producidos no Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia (Coles-Ourense).

1. Doses seminais:

-Razas bovinas *Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa*: 0,45 €/dose.

2. Exemplares bovinos:

Touros das razas *Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa* de,

-Menos de 12 meses de idade: 275 €/touro.

-Entre 12 e 18 meses de idade: 300 €/touro.

-Maiores de 18 meses de idade: 350 €/touro.

3. Exemplares da raza *Galiña de Mos*:

a) Inscritos no rexistro de nacementos,

-Polos de 1 día: 0,40 €/exemplar.

-Exemplares de ata 5 meses de idade: 1,30 €/exemplar.

b) Inscritos no rexistro de reprodutores,

-Galos e galiñas de máis de 5 meses de idade: 4 € exemplar.

4. Exemplares da raza *Ovella Galega*:

a) Exemplares inscritos no libro xenealóxico:

-Menores de 6 meses de idade : 35 €/exemplar.

-Maiores de 6 meses de idade: 40 €/exemplar.

b) Exemplares descualificados do libro xenealóxico:

-Menores de 6 meses de idade : 25 €/exemplar.

-Maiores de 6 meses de idade: 30 €/exemplar.

5. Exemplares da raza *Porco Celta*:

a) Exemplares inscritos no libro xenealóxico:

-Entre 2 e 3 meses de idade: 45 €/exemplar.

-Entre 3 e 6 meses de idade: 75 €/exemplar.

-Maiores de 6 meses de idade: 150 €/exemplar.

b) Exemplares descualificados do libro xenealóxico:

-Entre 2 e 3 meses de idade: 35 €/exemplar.

-Entre 3 e 6 meses de idade: 65 €/exemplar.

-Maiores de 6 meses de idade: 140 €/exemplar.